

Reitores piden aos Gobernos definir o orzamento universitario

Redacción | Nós Diario

A Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) reclama tanto ao Goberno do Estado como das comunidades autónomas "contar cun financiamento" de forma urxente para pór en marcha a nova Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU), aprobada hai case un ano.

Reunida onte en asemblea en Santiago de Compostela, a conferencia de reitores chegou a este acordo común por unanimidade. O encontro serviu para achegar posturas sobre a LOSU e a súa aplicación efectiva a partir do curso 2024/25.

"Para iso, é urxente que desde o Ministerio (de Ciencia e Universidades) e as comunidades autónomas nos digan na maior brevidade posíbel co financiamento que imos contar para pola en marcha", expresou a presidenta do CRUE e reitora da Universi-

tat Jaume I, Eva Alcón, xa que esta norma exixirá a creación de máis prazas de emprego e a incorporación de máis persoal.

Neste sentido, o Ministerio estima que a aprobación da LOSU establece a creación de máis de 4.000 novas prazas de profesores, a rebaixa da temporalidade a un máximo de 8% e o obxectivo de que, para o ano 2030, o financiamento das universidades públicas será o equivalente a 1% do PIB español, unha porcentaxe que haberá que estudar de perto para evitar diferenzas

Alumnado en prácticas

Outro dos asuntos abordados na asemblea da CRUE foi a cotización obrigatoria dos estudantes de prácticas, que tamén entrará en vigor o próximo curso. Alcón recoñeceu que, neste tema, "avanzouse" co Ministerio de Seguridade Social, que xa lles resolveu "moitas das dúbidas".